

Bos Aires galega

: 00000395
: Farías, Ruy (coord.)
: Bos Aires galega
: Divulgación e ensaio
: 978-84-92792-49-8
:

Análise do impacto inmigratorio de galegos na Arxentina dende ópticas diversas

: 22,00€



:
Normal 0 21 false false false ES X-NONE X-NONE
MicrosoftInternetExplorer4

/* Style Definitions */ table.MsoNormalTable

```
{mso-style-name:"Tabla normal"; mso-tstyle-rowband-size:0; mso-tstyle-colband-size:0; mso-style-noshow:yes;
mso-style-priority:99; mso-style-qformat:yes; mso-style-parent:""; mso-padding-alt:0cm 5.4pt 0cm 5.4pt;
mso-para-margin:0cm; mso-para-margin-bottom:.0001pt; mso-pagination:widow-orphan; font-size:11.0pt;
font-family:"Calibri","sans-serif"; mso-ascii-font-family:Calibri; mso-ascii-theme-font:minor-latin;
mso-fareast-font-family:"Times New Roman"; mso-fareast-theme-font:minor-fareast; mso-hansi-font-family:Calibri;
mso-hansi-theme-font:minor-latin; mso-bidi-font-family:"Times New Roman"; mso-bidi-theme-font:minor-bidi;} 0
```

17 % de todos os europeos que chegaron á Arxentina entre 1857 e 1930 nacera en Galicia, e o saldo dos emigrantes galegos asentados de xeito definitivo naquel país entre o primeiro deses anos e 1960 e de máis de 600.000. De feito, durante boa parte do século pasado viviron na cidade de Bos Aires máis galegos que en ningún outro núcleo urbano do planeta.

Aínda resulta difícil calibrar o impacto que semellante aluvián inmigratorio puido xerar na sociedade de acollida. A mesma enumeración dos temas dos traballos integrados neste libro dá conta da envergadura, riqueza e complexidade do fenómeno: a mirada da elite arxentina aos inmigrantes europeos nos anos do Centenario da Revolución de Maio; os fluxos migratorios galegos cara a república austral entre os séculos XVIII e XX; a súa inserción socioprofesional, patróns de asentamentos e pautas matrimoniais; os perfís dalgúns persoeiros excepcionais, e tamén os doutros homes e mulleres que (dende realidades máis modestas) reflexionan sobre a súa experiencia no contexto do masivo fenómeno migratorio; o papel dos galegos dentro do mutualismo español e o seu propio asociacionismo étnico; a problemática específica das mulleres emigrantes; as miradas que a sociedade arxentina tivo de quen a ela chegaron dende Galicia; a conservación, transmisión e reinvenção da cultura galega en Bos Aires; o potencial das novas tecnoloxías para a identidade galaico-porteña; etc.

O material que se ofrece ao lector aborda algúns dos seus múltiples aspectos dende as diferentes perspectivas

http://www.toxosoutos.com/detalle_producto/2id3D297id3D182id3D23/395/

Bos Aires galega

teóricas e metodolóxicas dos seus autores, ofrecendo unha mostra representativa e sólida das problemáticas e aspectos máis importantes do devandito fenómeno. O libro proporciona unha inxente masa de información de superlativa calidade, xerando o convencemento de que se trata dun volume dobremente útil, pois tanto serve ao lector profano como aos especialistas en historia de Galicia ou da súa emigración na Arxentina.

Divulgación e ensaio:

estudos lingüísticos e etnográficos